

BASES DA SECCIÓN COLEXIOS E INSTITUTOS GALEGAS

O 10º Festival Internacional de Curtametraxes de Bueu, organizado pola asociación cultural FICBUEU, celebrarase do 9 ao 17 de setembro de 2017 na localidade de Bueu; e terá como obxectivo a promoción das mellores curtametraxes realizadas nos dous últimos anos no ámbito internacional, así como a promoción de novos valores, prestando aquí unha especial atención aos futuros cineastas galegos. Este ano a programación do festival incorpora un espazo dedicado á promoción e posta en valor dos colexios e institutos galegos que traballen o audiovisual no seu currículo.

PARTICIPACIÓN E CONDICIÓN TÉCNICAS

A participación está aberta a tódalas obras finalizadas durante o curso escolar 2015/2016 e 2016/2017. Poderán concorrer dentro da presente categoría aqueles colexios e institutos con sede na comunidade galega.

Todas as curtametraxes participantes deberán contar coas autorizacións e cesións de dereitos de autor e doutros titulares de obras preexistentes e orixinais que se incorporen nos mesmos. Neste sentido, os participantes garanten que as curtametraxes non vulneran ningún dereito de explotación, nin dereitos de honra, intimidade e imaxe, nin dereitos de Propiedade Intelectual e/ou Industrial e/ou calquera outros dereitos de terceiros, e que non vulneran a lexislación vixente. A organización do festival declina toda responsabilidade legal sobre as obras presentadas a concurso e o seu contido.

A temática das obras será libre e a duración máxima será de 30 minutos (títulos de crédito incluídos).

Cada escola participante poderá presentar tantas obras como desexe.

As cintas presentadas deberán estar realizadas en idioma galego ou castelán, en calquera outro caso deberán ter subtítulos nalgún deles.

INSCRICIÓN E DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL

As curtametraxes deberán enviarse en formato dixital á nosa dirección de correo electrónico comunicacion@ficbueu.com. Este arquivo será só para o proceso de selección, polo que rogamos que non pese máis de 2gb.

O envío da obra deberá ir acompañado da correspondente ficha de inscrición, que estará a disposición dos interesados/as na páxina web do festival www.ficbueu.com (adxunta as bases do festival).

As obras poderán enviarse ata o 1 de xuño de 2017 ás 14:00h hora local (UTC/GMT +1 hora).

Rógase que non se envíe ningún material adicional, xa que non será arquivado. En caso de ser seleccionada a obra, e se a organización o considerase necesario, poderase solicitar material adicional. O material enviado terá consideración de material privado e só será accesible pola organización do festival e os seus colaboradores.

De entre todas as curtametraxes recibidas serán seleccionados 5 curtametraxes finalistas que competirán na sección "Colexios e Institutos galegos".

As obras seleccionadas proxectaranse en pase único o domingo 17 de setembro dentro dunha xornada enmarcada no FIC Solidario. A cada unha das obras seleccionadas comunicaráselle a súa participación vía e-mail o 20 de xuño de 2017. Os seleccionados enviarán un arquivo cun EPK (Electronic Press Kit) composto de:

- Cartel ou fotografías representativas da película. O formato preferente será un arquivo dixital, 300 dpi, JPEG ou Tiff cun tamaño aproximado de 10x15 cm.
- Sinopsis.
- Fotografía do director ou persoas responsables da cinta
- CV do director/a ou referencia do centro formativo.
- As persoas participantes autorizan á organización do Festival o uso do devandito material para a súa difusión en calquera medio de comunicación co fin de promover o Festival. Así mesmo o Festival poderá utilizar as fotografías facilitadas en prensa e outros medios de comunicación, así como para a elaboración do catálogo do Festival. O envío do extracto supón a aceptación da totalidade destas condicións.
- Para confirmar a súa participación no festival terá que enviar dixitalmente o material solicitado antes do 30 de xuño ás 14:00h hora local (UTC/GMT +1 hora). En caso contrario a curtametraxe quedará descalificado.

XURADO

A Asociación FICBUEU designará ás persoas do Comité de Selección, elixidas entre especialistas da contorna cinematográfica vinculadas ao Festival así como os membros do xurado.

O xurado estará composto por tres persoas, estando as mesmas relacionadas co ámbito da cultura, sendo polo menos maioría do sector audiovisual.

O xurado terá liberdade para entregar o premio exaequo. Nese caso a contía repartirase ao 50%.

PREMIOS

Establécese a seguinte categoría e premio:

- Mellor curtametraxe de instituto:
Diploma + 150€
- Mellor curtametraxe de colexio:
Diploma + 100€

A dotación económica do premio entregárase exclusivamente á escola/centro formativo propietaria da cinta.

ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación nesta convocatoria implica a aceptación das normas contidas nas presentes bases, así como a decisión do xurado, que será inapelable.

A organización do Festival Internacional de Curtas de Bueu resolverá ao seu xuízo inapelable, calquera eventualidade non especificada nestas bases.

Para calquera dúbida ou información: +34 678 85 89 90 ou comunicacion@ficbueu.-com

PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal (en diante, a "LOPD"), infórmase ao PRESENTANTE de que os datos facilitados con motivo da inscrición da curtametraxe no FESTIVAL e calquera outros que en diante achega en conexión coa participación da devandito curtametraxe no FESTIVAL, serán incorporados para o seu tratamento a un ficheiro titularidade de Entidade CINECLUBE BUEU, debidamente inscrito ante a Axencia Española de Protección de Datos, coa finalidade de xestionar e publicitar a participación da curtametraxe no FESTIVAL. A entrega de información requirida sobre datos persoais terá o carácter de obrigatoria e a súa falta de subministración ou a subministración de datos incorrectos imposibilitarán que poida xestionarse a participación da curtametraxe no FESTIVAL. Calquera modificación que poida producirse nos datos de carácter persoal facilitados deberá ser posta en coñecemento do responsable do ficheiro por parte do titular dos mesmos, que responderá en todo caso da veracidade e

exactitude dos datos fornecidos en cada momento. No caso de que se fornezan datos de terceiros, o PRESENTANTE declara contar co consentimento dos titulares dos mesmos para a citada comunicación de datos. Se desexa exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, o PRESENTANTE e/ou calquera outro interesado pode dirixirse por escrito e nos termos e condicións previstos na LOPD á seguinte dirección postal:

FICBUEU - Montero Ríos 191 1º - 36930 - Bueu (Pontevedra)